

LENDAS MEDIEVAIS SOBRE A ORIXE DOS IRLANDESES

Por Fernando PEREIRA GONZÁLEZ

Departamento de Historia I
Universidade de Santiago de Compostela

Abstract: The aim of this essay is to provide an introduction to the gaelic legend about the origin of the Irish *natio*, narrated in the pseudo-historical medieval work called *Lebor Gabála Éirenn*. I take into account namely one of the features of this legend, viz. the supposed historical relations between Ireland and Spain, as they resulted from the story of Breogan and from other irish traditions.

Key words: Ireland, Historiography, Middle Ages.

1. INTRODUCCIÓN: BREOGÁN EN GALIZA

O mítico personaxe de Breogán, que procedía das tradicións medievais irlandesas referentes á historia antiga da illa, pasou a formar parte do imaxinario histórico e identitario galego a partir da segunda metade do século XIX. Nese momento un autor sobranceiro como Manuel Murguía, quen tanta importancia tivo na creación da identidade galega contemporánea, adoptou a lenda de Breogán como unha lembranza histórica das relacións que noutrora existiran entre as xentes celtas de Galiza con outras terras célticas da Europa atlántica, e nomeadamente coa illa de Irlanda. Con posterioridade o poeta Eduardo Pondal, amigo persoal de Murguía e seguidor das súas teorizacións celtistas, converteu a figura de Breogán nun símbolo da identidade diferenciada (celta) do pobo galego, cando incluíu no seu poema «*Os Pinos*» —composto en 1890 e destinado a ser a letra do futuro himno galego— varias referencias a Galiza como «*fogar de Breogán*» ou «*nazón de Breogán*», e aos seus habitantes como «*grey de Breogán*», se ben nel non se facía unha mención explícita da orixe celta destes¹.

¹ O poema orixinal de Pondal constaba de nove estrofas, das cales unicamente as catro primeiras conforman a letra oficial do actual himno galego. Noutras versións anteriores do poema si que se

Durante todo o século XX, e até a actualidade, Breogán non deixou de personificar esa identidade céltica da poboación e da cultura de Galiza, dándose a curiosa circunstancia de que este personaxe, que era unha figura relativamente escura e secundaria dentro da historiografía irlandesa, se transformou nunha importante referencia simbólica para a cultura galega contemporánea. Neste sentido cómpre facer mención do continuo proceso de popularización e de vulgarización ao que foi sometida a lenda de Breogán en Galiza. Proceso que comezaron Murguía e Pondal; foi ampliado polo galeguismo nacionalista das primeiras décadas do XX, en especial coa tradución para o galego dunha das versións irlandesas da lenda, feita por Vicente Risco e publicada na revista *Nós* en 1931; e continuou despois a través da literatura, da música ou doutros medios de expresión artística. Grazas a este proceso, o de Breogán tense convertido nun nome de uso común, dentro do ámbito galego, para títulos de revistas e denominacións de asociacións culturais, establecementos comerciais ou equipos deportivos.

Mais, como é ben sabido, Breogán non pertence á historiografía galega nin ás tradicións lendarias propias sobre as nosas orixes. Mesmo a incorporación do personaxe dentro da historiografía erudita foi serodia —na segunda metade do XIX, como xa se dixo antes—, pois se ben dende o século XVII xa se encontran nos anticuarios galegos algunhas alusións ás relacións establecidas entre Galiza e Irlanda durante a Antigüidade, porén eses contactos eran levados a cabo por outros protagonistas distintos de Breogán, e ademais sempre se concibiron fóra do escenario celtista que foi habitual dende o XIX (PEREIRA GONZÁLEZ, 2002 e 2005). Murguía e outros historiadores galegos decimonónicos, como Benito Vicetto e Leandro Saralegui, acharon nas lendas medievais gaélicas a historia que narraba a fundación da cidade de Brigantia en España por parte de Breogán, un dos xefes das xentes que se asentaran nas terras hispánicas; posteriormente dende a mesma Brigantia os descendentes de Breogán navegaron até Irlanda para conquistar a illa. Desta maneira as dinastías e as familias irlandesas que se gababan de descender dos conquistadores gaélicos da illa podían tamén facer recuar a súa liñaxe até os devanceiros que noutros tempos viviran en España (Breogán, Ith ou Milidh). Na opinión de Murguía esta lenda histórica irlandesa conservaba a lembranza de acontecementos pasados, pois era un testemuño do asentamento dos celtas galegos en Irlanda. A clave estaba na identificación da poboación fundada por Breogán en España coa cidade galaica de Brigantia (A Coruña). Esta identificación, pois, resultou ser o argumento principal que xustificaba a apropiación da historia e da figura de Breogán para o pasado galego.

presentaban os galegos como xentes de ascendencia céltica («*celtas, forte gente*», «*céltico clan*»...). Débese sinalar ademais que unha desas versións levaba como título «*Breogán*», o que indica que Pondal chegou a considerar a posibilidade de bautizar a letra do himno da patria galega co nome do personaxe que el mesmo definía como o «*antiguo caudillo de los celtas gallegos*» (FERREIRO, 1996: 40).

O emprego da lenda de Breogán por parte da intelectualidade galeguista de finais do XIX e de comezos do XX é un feito sobexamente recoñecido dentro da historiografía galega actual, se ben aínda se precisan investigacións máis detalladas que dean conta de como se desenvolveu o proceso. Pero o que de ningunha maneira existe na nosa historiografía é un estudo que dea a coñecer cal foi a orixe da lenda de Breogán dentro das tradicións irlandesas, e como evolucionou o tratamento da mesma ao longo do tempo. Este é precisamente un dos obxectivos do presente traballo. Nel tamén se pretende facer un percorrido polo proceso de creación das lendas históricas referidas aos primeiros poboadores de Irlanda, xa que un estudo sobre o personaxe de Breogán obriga necesariamente a ter presentes outros episodios e outros personaxes relacionados con el, así como a coñecer o contexto no que todos eles xurdiron. Cómpre ter en conta, sobre todo, que episodios como o da fundación de Brigantia por Breogán, ou o da conquista de Irlanda dende España, pertencían a un ciclo narrativo máis amplo, que hoxe se conserva principalmente nas distintas versións do denominado *Lebor Gabála Érenn*, ou «Libro da Captura de Irlanda», onde se revelaba a historia da illa, dende os tempos do Diluvio Universal deica os monarcas medievais.

Xa que logo, nas páxinas que seguen presentárase unha breve introdución ao *Lebor Gabála Érenn*, facéndose unha énfase especial naquelas lendas relacionadas coa orixe dos irlandeses, e nomeadamente nas que referían o poboamento de Irlanda por parte de xentes procedentes da Península Ibérica. Fóra do ámbito irlandés tamén se fará mención doutros relatos que en parte estaban vencellados co «Libro da Captura de Irlanda», pero que se atopaban nos escritos de autores británicos da época medieval².

2. *LEBOR GABÁLA ÉRENN*: CONTIDOS, COMPOSICIÓN E UTILIDADES

O *Lebor Gabála Érenn* é unha narración pseudo-histórica na que se explica a historia antiga de Irlanda, a cal abrangue dende os seus primeiros poboadores até as dinastías reais da época medieval. Neste amplo percorrido pola historia da illa salientan sobre todo os relatos que se refiren aos tempos pre-cristiáns, pois é neles onde fica exposto con claridade o esquema das sucesivas invasións ou ocupacións do territorio irlandés por parte de xentes diferentes. De aí que a obra se coñeza precisamente co título de «Libro da Captura de Irlanda». Esta parte dedicada ao pasado máis recuado é a que maior interese ten acordado entre os investigadores, sendo tamén ela obxecto de interpretacións diversas e ás veces contrapostas (CAREY, 1993).

² Dado que o tratamento da temática deste artigo debe ser necesariamente sucinto e limitado, remito á bibliografía especializada citada ao longo das súas páxinas, na que se atoparán estudos moito máis completos sobre as cuestións aquí citadas e, en xeral, sobre a historiografía irlandesa medieval.

A primeira ocupación de Irlanda que se describe no *Lebor Gabála Éirenn* é a de Cessair, a sobriña de Noé que chegou á illa cos seus acompañantes na procura dunha terra que quedase fóra do alcance das augas do Diluvio Universal. A segunda é a de Partholon e a súa xente, chegados alí mil anos despois do diluvio. Eles foron os primeiros que se deberon enfrontar aos Fomoraigh, unha misteriosa raza de xigantes que habitaba na illa e que tiña unha forma monstruosa e unha natureza demoníaca. Un andazo de peste acabou en pouco tempo con todo o pobo de Partholon, ficando Irlanda de novo deshabitada. Nemed e as súas xentes foron os seguintes en ocupala, trinta anos despois de Partholon. Tamén foron os seguintes en loitar contra os Fomoraigh, que quixeron exercer sobre eles unha cruel tiranía. Na batalla final contra estes inimigos pereceu todo o pobo de Nemed, agás tres dos seus fillos cos seus respectivos acompañantes, dos cales descendieron despois algúns dos posteriores poboadores de Irlanda. A esta liñaxe de Nemed pertenceron os Fir Bolg, os Fir Domnann e os Gaileoin, quen conformaron a seguinte vaga de poboadores do territorio. Eles non tiveron que loitar contra os Fomoraigh, e a eles debeuse a división da illa en cinco provincias. Con posterioridade asentáronse no chan irlandés os Tuatha De Danann, tamén descendentes de Nemed. Pero antes de se faceren co control do territorio foilles preciso vencer en dúas batallas aos Fir Bolg e aos Fomoraigh. Finalmente a última ocupación de Irlanda foi a dos gaélicos, os descendentes de Gaedhel e de Milidh de España, xentes orixinarias da Escita. Despois de realizaren longas viaxes por terra e por mar, e logo dunha estadía en España, onde Breogán fundou a cidade de Brigantia, os gaélicos por fin alcanzaron Irlanda e alí se asentaron e prosperaron.

Se ben a conquista da illa polos gaélicos puña fin ao ciclo de ocupacións, o *Lebor Gabála Éirenn* continuaba narrando a historia da monarquía gaélica, dende os dous primeiros reis —Érimón e Éber Donn, fillos de Milidh de España— até os derradeiros monarcas irlandeses que gobernaran inmediatamente antes da conquista anglo-normanda, acontecida a finais do século XII. Ademais todo o texto amosaba un esforzo consciente por establecer unha sincronización cronolóxica sistemática entre os protagonistas e os acontecementos máis sobranceiros da historia irlandesa cos feitos pertencentes á historia universal, tanto a sagrada como a profana. Sincronizáronse así Partholon, Nemed e Gaedhel, cos patriarcas bíblicos; ou os reis dos Fir Bolg, dos Tuatha De Danann e dos gaélicos, cos monarcas de Israel, de Asiria e de Grecia. Con este motivo os redactores do *Lebor Gabála* usaron amplamente a *Crónica* de Eusebio e Xerome, que para os historiadores medievais foi a principal obra de referencia na cronoloxía da historia antiga, mais tamén souberon tirar partido dunha tradición analística propia desenvolvida durante toda a Idade Media.

O texto do *Lebor Gabála Éirenn* consérvase hoxe en máis de vinte manuscritos de procedencia medieval, todos eles escritos en lingua gaélica e redixidos entre os séculos XI e XV, aínda que a obra continuou a ser transmitida por medio de copias manuscritas até o século XVIII. Todos os manuscritos medievais, malia

posuíren unha mesma estrutura narrativa e compartiren un núcleo de informacións común, presentan entre si numerosas variantes que afectan tanto a detalles superficiais como a certos motivos máis importantes do relato. De feito pódese afirmar que non hai dous manuscritos idénticos, pois incluso existen diverxencias no caso de copias feitas a partir dun mesmo texto inicial. Grazas á constatación sistemática das semellanzas e das variantes presentes nos distintos manuscritos, os estudosos teñen chegado a esbozar a grandes trazos a historia textual do *Lebor Gabála Érenn*, por máis que as moitas dificultades inherentes ao proceso de composición e de transmisión dun texto tan complexo como este —que en ocasións foi cualificado como un auténtico «labirinto textual» (CAREY, 1994: 23)— aínda non permitiron acadar conclusións definitivas e aceptadas por todos³.

Con todo na actualidade semella haber un consenso á hora de agrupar todos os manuscritos medievais existentes en catro recensións diferentes, designadas cada unha delas por unha letra do alfabeto: *a*, *b*, *c* e *m* (SCOWCROFT, 1987). A recensión *a* está representada por dous textos, un de finais do século XI, incluído no Libro de Leinster, e outro do XIV. Pola súa vez as outras tres recensións pertencen a manuscritos redixidos entre os séculos XIV e XVI. Se ben a versión contida no Libro de Leinster debe ser considerada como o texto máis antigo no que se recolle unha narración íntegra do ciclo das conquistas de Irlanda, porén non é ela a que fornece o relato máis extenso, pois este se atopa nos manuscritos posteriores, xa que os contidos do *Lebor Gabála Érenn* foron medrando co paso do tempo, ampliándose a medida que incorporaron novos detalles ou inseriron algunhas variantes. A este respecto cómpre aclarar tamén que non se pode dicir que a versión do Libro de Leinster, malia ser a máis recuada no tempo, é a que conserva os elementos máis antigos do relato. Porque non resulta infrecuente que motivos de recoñecida antigüidade se achen distribuídos por manuscritos de datas diversas, mesmo naqueles máis serodios, os autores dos cales puideron ter acceso a fontes anteriores das que recolleron eses datos. Tendo en conta todo isto sería erróneo considerar a versión do Libro de Leinster, de finais do século XI, como o texto máis importante do *Lebor Gabála Érenn*, facendo dela unha especie de «arquetipo» do mesmo e do que derivaría despois o contido dos manuscritos posteriores.

Pola contra existe hoxe un consenso entre os investigadores á hora de estimar a versión do Libro de Leinster como unha plasmación concreta, mais non a única, do desenvolvemento dunha longa tradición precedente, a cal se podería facer remontar até os séculos VII e VIII da nosa era. Neste sentido é posíbel falar da presenza en Irlanda dunha tradición do *Lebor Gabála Érenn* que sería bastante anterior á existencia de textos que levasen ese título ou que recollesen un relato completo sobre a historia antiga da illa. O primeiro indicio certo desa tradición acharíase nalgúns textos do século VIII: na primeira versión do *Auraicept na Éces*,

³ Os principais traballos dedicados a estudar a súa historia textual son os de MACALISTER (1993), SCOWCROFT (1987 e 1988) e VAN HAMEL (1915).

un manual de gramática destinado ao uso de poetas e de eruditos, e no que se facía mención de Feinius Farsaid, protagonista da historia dos gaélicos no *Lebor Gabála*; e en dous poemas que daban conta da xenealoxía dos reis de Leinster, e nos que se facía recuar a súa liñaxe até Gomer, un dos netos de Noé, e até os devanceiros epónimos dos gaélicos, Feinius Farsaid e Gaedhel (CAREY, 1994; CARNEY, 1971; Ó CORRÁIN, 1985 e 1998).

Durante a centuria seguinte outros textos deron testemuño do continuo desenvolvemento da tradición. Así na *Historia Brittonum* atribuída a Nennius xa se falaba da chegada a Irlanda de Partholon, de Nemed (Nimeth) e dos fillos de Milidh de España («tres filii militis Hispaniæ»). O autor da *Historia*, malia non ser irlandés, recoñecía apoiarse nos coñecementos dos eruditos gaélicos para expoñer cales foran os primeiros poboadores da illa. Desta maneira era nun texto non irlandés escrito en latín onde aparecía o primeiro esquema coñecido (pero incompleto) do ciclo de ocupacións de Éire. Mais isto demostraba tamén que esas lendas históricas xa existían entre os irlandeses. De feito nun poema composto a finais do século IX por Mael Muru Othna, e titulado *Can a mbunadas na nGaedel*, contábase con detalle a liñaxe e mailas viaxes dos gaélicos, así como a súa conquista de Irlanda, ademais de se nomearen outros protagonistas do futuro *Lebor Gabála Érenn* (Nemed, Fir Bolg, Tuatha De Danann). Hai que mencionar igualmente as importantes contribucións feitas á tradición por unha serie de poetas-historiadores que escribiron durante os séculos X e XI: Eochaid Ua Flainn, Flann Mainistrech, Tanaide Eólach e Gilla Coemáin (CAREY, 1994: 18-22). Probabelmente eles introduciron moitos dos motivos que hoxe encontramos nas distintas versións da historia da ocupación de Irlanda. Incluso algúns dos seus versos ficaron incorporados dentro do texto do *Lebor Gabála*, inseridos no medio de pasaxes en prosa que moitas veces actuaban a xeito de comentarios ou de ampliacións dos poemas (por máis que o material fornecido por estes non sempre estaba en concordancia co ofrecido polas partes en prosa).

Tentativamente poden situarse nos séculos IX e X os primeiros textos en prosa que presentaron os contidos considerados propios do *Lebor Gabála Érenn*. Se ben estas primeiras versións non chegaron até nós, a súa existencia pode ser demostrada a través dunha serie de indicios dexergábeis nos manuscritos medievais existentes. Aínda que na actualidade non sexa posíbel reconstruír un arquetipo orixinal do texto do cal derivarían despois todas as versións coñecidas —arquetipo que, polo demais, nunca debeu existir—, si que está ao alcance dos investigadores o labor de confeccionar modelos explicativos cada vez máis axeitados que dean conta tanto da evolución da tradición erudita acerca das ocupacións de Irlanda, como do artellamento das catro recensións coñecidas a partir da combinación de versións máis antigas (MACALISTER, 1993; SCOWCROFT, 1987 e 1988; VAN HAMEL, 1915).

Até o século XI a tradición do *Lebor Gabála* estivo en constante formación, empregándose para iso os diferentes materiais que tiñan ao seu alcance os eruditos irlandeses, poetas e historiadores, que traballaron principalmente nas

escolas monásticas. Durante este período de formación os elementos que configuraban a tradición (personaxes e motivos) eran «flutuantes», é dicir que existía un amplo abano de variantes nos diversos textos que a recollían. Ademais estas versións anteriores ao século XI amosaban ás veces importantes desviacións a respecto das versións posteriores, por máis que un texto como *Can a mbunadas na nGaedel* xa contiña en xermolo moitos dos trazos característicos do relato que hoxe coñecemos. A partir do século XII éntrase nun período de compilación e de fixación da tradición anterior. Entón podése falar xa da existencia dun «canon» textual consolidado para o relato sobre as sucesivas conquistas da illa, o que non impedirá, porén, a presenza de variantes en cada recensión e en cada manuscrito. Este «canon» do *Lebor Gabála Érenn* é o que se mantivo até a época moderna, cando foi adoptado e adaptado polos anticuarios dos séculos XVII e XVIII.

Canto aos materiais que entraron na composición do *Lebor Gabála Érenn*, débese sinalar o carácter heteroxéneo das súas fontes, mais tamén cómpre sinalar que todas elas se combinaron seguindo un obxectivo que estaba ben claro na mente dos seus artífices: fornecer a Irlanda e os seus habitantes dunha historia que os situase nun nivel semellante ao das outras *nationes* da Europa medieval. Para iso os autores irlandeses tiraron partido da Biblia e dos seus derivados; de coñecementos e motivos herdados da Antigüidade clásica; dos escritos das principais autoridades do saber cristián; de mitos e de crenzas indíxenas precristiás; así como da propia capacidade inventiva da erudición medieval, personificada nomeadamente na utilización creativa das etimoloxías á hora de artellar novas narrativas pseudo-históricas⁴.

Da Biblia proviña o marco histórico básico —Creación, Diluvio Universal, episodio da torre de Babel, historia do pobo de Israel— dentro do que se insería o relato que falaba dos diferentes poboadores de Irlanda. E proporcionaba uns personaxes que actuaban en calidade de devanceiros dos que se facían descender os gaélicos e o resto dos habitantes da illa (nomeadamente Gomer e Magog, da liñaxe noádica). Ademais o texto bíblico, ao contar a historia do pobo hebreo en termos do cumprimento dun longo éxodo antes de acadar a terra prometida pola divindade, ofrecía aos autores irlandeses un poderoso modelo narrativo a partir do cal se podía construír o relato verbo do devir histórico dos gaélicos, concibido tamén como un éxodo por distintas terras (Exipto, Taprobana, Escitia, Libia, España) antes de poderen habitar por fin na terra prometida (Éire). Tamén é posíbel atopar dentro do *Lebor Gabála Érenn* outros modelos narrativos de

⁴O recurso á etimoloxía foi unha característica habitual da historiografía medieval (GUENÉE, 1980: 184-192). Unha das variantes frecuentemente empregadas foi a da *eponimia*, por medio da cal se inventaban personaxes fabulosos (moitas veces convertidos en devanceiros epónimos) a partir de nomes de lugar ou dos nomes de grupos humanos reais. Personaxes como Bruto ou Franción, devanceiros dos britóns e dos francos, pertencen a ese grupo de invencións eponímicas medievais. No caso irlandés eses exemplos eran tamén moi abundantes. Os tres máis significativos —Feinius Farsaid, Gaedhel e Scotta— eran figuras creadas a partir de tres denominacións étnicas dos irlandeses: *féni*, *gaedil* e *scuitt*.

procedencia bíblica, inspirados na historia de Noé e o diluvio, ou no relato sobre Babel (SCOWCROFT, 1988: 21-29).

Da Antigüidade clásica procedía o marco xeográfico no que se desenvolvía a historia dos gaélicos: as súas viaxes por Escitia, a illa de Taprobana, os montes Rifeos, a lagoa Meótida, Creta, Tracia, Dacia, as columnas de Hércules, etc. Estas informacións que foran propias do saber xeográfico greco-romano obtivéronas os autores irlandeses de escritores cristiáns posteriores, como Orosio e Isidoro. Pero tamén se enxergan outros elementos de procedencia clásica, como a mención do pobo dos escitas (do que derivaban os gaélicos) e a presenza dun motivo homérico, como era o do perigoso canto das sereas que pode ser evitado tapando con cera as orellas dos mariñeiros (solución que nos textos irlandeses se atribuíu ao druída Caicher). Por outra banda no *Lebor Gabála* está sobexamente atestemuñada a influencia da primeira erudición cristiá, representada sobre todo por Eusebio, Orosio e Isidoro. Eusebio era a referencia fundamental no momento de establecer o marco cronolóxico dos acontecementos do pasado irlandés e a sincronización destes coa historia dos outros pobos coñecidos. Orosio e Isidoro fornecían unha gran cantidade de datos históricos, xeográficos e etnográficos que proviñan da cultura clásica, pero que estaban interpretados dende unha perspectiva cristiá. Ademais nos escritos destes dous autores hispánicos os eruditos irlandeses encontraron o material que lles inspirou a invención de dous elementos característicos da crónica sobre a historia dos gaélicos: a relación entre España e Irlanda; e o relato acerca de Breogán, Brigantia e a torre (cf. o apartado seguinte).

Finalmente, son cuestións difíciles de avaliar a pegada das tradicións indíxenas pre-cristiás dentro do *Lebor Gabála Érenn* e o seu peso na configuración do mesmo. Neste punto as teorías dos investigadores adoitan diverxer en moitos aspectos e as opinións chegan a adoptar posturas completamente opostas (CAREY, 1993). A presenza nos textos medievais do *Lebor Gabála* de concepcións, de tradicións e de figuras mitolóxicas pertencentes a un pasado pre-cristián semella indubidábel en certos casos: por exemplo os misteriosos Fomorairgh; os Tuatha De Danann, antigas divindades irlandesas máis ou menos humanizadas (Lug, Nuadu, Dagda...); a lenda de Cessair, probábel testemuño dun mito pre-cristián que falaba do asolagamento da illa, aínda que logo se cristianizou transformando a súa protagonista en sobriña de Noé e a catástrofe se identificase co diluvio bíblico; ou ben as varias concepcións arcaicas recollidas nos poemas atribuídos a Amorgen (CAREY, 1995). Pero cómpre admitir tamén que todo ese material pre-cristián se encontraba introducido dentro duns textos plenamente cristianizados, que estaban inspirados pola Biblia e pola ideoloxía duns eruditos de formación monástica que tiñan moi en conta as implicacións e as funcionalidades contemporáneas das súas producións históricas (McCONE, 1990; Ó CORRÁIN, 1978, 1985 e 1998).

O feito de que no século IX—e probabelmente xa na centuria anterior— se teña constancia dun relato consolidado acerca da orixe dos gaélicos, está a indicar que nesa época os eruditos irlandeses que participaban dando forma aos materiais

pseudo-históricos que despois configurarían o texto do *Lebor Gabála*, compartían unha mesma opinión a prol da existencia dunha nacionalidade irlandesa diferenciada. Neste aspecto a funcionalidade identitaria desempeñada pola lenda gaélica das orixes era moi clara, pois a lenda atribuíu unha ascendencia común para todos (ou case todos) os habitantes da illa. A ascendencia común, combinada coa posesión de leis, de institucións e de costumes propios, garantían que Irlanda puidese formar parte con pleno dereito da comunidade de *nationes* que conformaban a cristiandade occidental (Ó CORRÁIN, 1978). Ademais o relato que daba conta da ascendencia particular da *natio* irlandesa —no que se combinaban as liñaxes noádicas, unha xenealoxía escítica e os paralelismos implícitos entre os gaélicos e os hebreos, o pobo elixido pola divindade— sen dúbida axudaba a salientar o prestixio das orixes, do mesmo xeito que outras *nationes* europeas, entre elas os habitantes indíxenas da veciña illa de Britania, asumiran coa mesma finalidade lendas que lles asignaban unha ascendencia troiana.

A funcionalidade identitaria representada polo relato gaélico das orixes tivo un peso fundamental durante toda a longa vixencia deste, mais co tempo a lenda adquiriu outras importantes implicacións socio-políticas. En primeiro lugar cómpre ter en conta que o *Lebor Gabála Érenn*, en calidade de texto depositario do pasado da illa, fornecía o contexto histórico básico a partir do cal se debían artellar as xenealoxías particulares de cada dinastía, de cada liñaxe e de cada tribo (*tuath*). Polo tanto nel estaban os personaxes e os acontecementos que uns e outros podían invocar á hora de imaxinar as súas orixes e de explicar a súa situación no presente. Así en moitos casos serviu para lexitimar, dende unha perspectiva histórica e xenealóxica, a influencia das dinastías e dos grupos máis poderosos. Porque os acontecementos do pasado se rescribiron segundo os intereses que se pretendían defender no presente, de tal maneira que a posición de cada grupo dentro do esquema histórico-xenealóxico aceptado variaba en función da súa situación actual no interior do xogo do poder (Ó CORRÁIN, 1985; SCOWCROFT, 1988: 45-53).

Por outra banda o desenvolvemento e maila consolidación dos contidos do *Lebor Gabála Érenn* ao longo dos séculos X e XI ten que porse en relación co proceso político de afianzamento da monarquía irlandesa, que se ben nunca chegou a constituír un reino unificado en toda a illa, si que experimentou nesa época o reforzamento progresivo do poder das realezas provinciais a costa das xefaturas locais. O xurdimento nesas centurias do ideal dunha soa realeza que abranguese toda a illa, personificada na figura do *ard-rí* ou monarca supremo, é testemuño da importante evolución política acontecida en Irlanda durante a Alta Idade Media, a pesar de que o *ard-rí* foi sempre unha aspiración idealizada máis ca unha realidade política. A lenda de orixe dos gaélicos, e en xeral todo o *Lebor Gabála*, contribuíu a este proceso de reforzamento da realeza ofrecendo un relato que sostíña o sentimento de orixe común de toda a poboación irlandesa, o que na derradeira servía para xustificar o proxecto de consecución dunha monarquía unificada; establecendo as xenealoxías das liñaxes reais a partir dos heroes

míticos do pasado; e trasladando a esa historia lendaria o ideal do *ard-rí*, creándose así a ilusión de que xa dende o comezo da historia irlandesa existiran uns monarcas supremos que gobernarán en todo o territorio da illa (KELLEHER, 1963; Ó CORRÁIN, 1978). Neste sentido as lendas de orixe gaélicas cumpriron na Idade Media a mesma función política de reforzamento da monarquía que tiveron outros relatos acerca dos devanceiros míticos de cada *natio* (REYNOLDS, 1983).

Despois da invasión de Irlanda polos anglo-normandos a finais do século XII, e logo da creación dentro da illa de territorios gobernados polos conquistadores, o soño do *ard-rí* que argallaran os eruditos e os propagandistas da realeza fíxose cada vez máis difícil de concibir. Pero as lendas de orixe continuaron a xogar un importante papel como reforzadores da identidade gaélica, agora enfrontada á presenza de xentes foráneas dentro do chan irlandés que disputaban o control sobre o mesmo aos propios indíxenas. Estes, pola súa vez, grazas ás informacións fornecidas polas tradicións históricas, podían reafirmar fronte aos novos invasores a súa posición como lexítimos propietarios da illa, en calidade de descendentes directos dos fillos de Milidh que noutroa se apoderaran de Éire. Por isto, dada a relevancia que tiñan estas tradicións para a poboación gaélica, non é casualidade que case a totalidade dos manuscritos medievais do *Lebor Gabála Éirenn* que se conservan na actualidade pertencen a un período posterior á conquista normanda. As historias que contiñan eran para eles unha lembranza dos feitos pasados, pero tamén unha referencia e un apoio fundamental nas realidades do presente.

3. BREOGÁN E A LENDA DE ORIXE DOS GAÉLICOS

A historia de Breogán formaba parte da lenda de orixe dos gaélicos, a cal comezaba no Oriente, coas xenealoxías bíblicas e co episodio da torre de Babel, e tiña o seu desenlace final na conquista de Irlanda polos fillos de Milidh e no cómputo dos seus descendentes. Neste apartado tratarase sobre a creación do personaxe de Breogán polos literatos irlandeses, pero sempre dentro do contexto da formación e do desenvolvemento da lenda de orixe do pobo gaélico.

Os primeiros testemuños coñecidos que nos poden indicar a existencia dun relato acerca da orixe dos gaélicos poden ser dexergados no século VIII, data na que se adoitan situar algúns fragmentos inseridos dentro de dous poemas coas xenealoxías dos monarcas de Leinster, e nos que se facía mención de varios personaxes que eran propios dese relato. Así, no poema titulado *Nuadu Necht ni dámaid anfhlaith* aparecían os nomes de Érimón, Milidh, Breogán e Gaedhel Glas; namentres que no chamado *Énna Labraid lúad cáich* se mencionaban, ademais dos tres primeiros, os de Nel e Feinius Farsaid⁵. Polo tanto neses fragmentos xa

⁵Os dous poemas están publicados en M. O'Brien (1962), *Corpus genealogiarum Hiberniæ I*. Dublin. School of Celtic Studies-Dublin Institute for Advanced Studies; pp. 1-4, 4-7 [reproducidos en CELT, *Corpus of Electronic Texts*]. Sobre eles véxase CARNEY (1971: 65-73) e Ó CORRÁIN (1985: 56-67).

estaban presentes os nomes dos principais protagonistas da lenda gaélica das orixes, incluídos o de Breogán e os de dous devanceiros epónimos (Feinius e Gaedhel). Pero dado que nos devanditos poemas soamente se recollían eses nomes —no contexto dunha longa listaxe xenealóxica que levaba dende os primeiros reis de Leinster até Noé— sen que se rexistrase ningún comentario vencellado cos mesmos, non é posíbel saber se xa por entón, no século VIII, existía o episodio que falaba da fundación de Brigantía e da súa torre por parte de Breogán, ou se o resto dos personaxes incorporaban as historias rexistradas posteriormente no *Lebor Gabála Érenn*.

A presenza dalgunhas desas historias xa se observa na centuria seguinte, en dous textos de natureza e de procedencia moi diferentes: na *Historia Brittonum* do britón Nennius, e no poema *Can a mbunadas na nGaedel* do irlandés Mael Muru Othna.

Como xa se dixo con anterioridade, a *Historia Brittonum* recollía unha versión reducida do relato verbo das distintas ocupacións de Irlanda, correspondendo unha delas á dos fillos de Milidh, é dicir os gaélicos. Mais nela tamén se facía un breve comentario acerca da orixe destes, o cal se pode considerar como o primeiro testemuño escrito dunha historia repetida despois unha e outra vez nos manuscritos do *Lebor Gabála*. A *Historia Brittonum* falaba dun nobre escita (do que non dicía o nome) que residía coa súa familia en Exipto, e que foi expulsado do país após a morte do faraón e do seu exército no Mar Vermello namentres perseguían os xudeos. O escita e os seus acompañantes erraron durante máis de corenta anos por África e polo mar Mediterráneo, chegando por fin a se asentaren en España. Alí o seu pobo habitou por moito tempo, multiplicándose en número, até que a xente se trasladou a vivir á illa de Irlanda, mil anos despois de que o nobre escita abandonase Exipto⁶. Hai que salientar que esta historia do nobre escita desterrado de Exipto constituía a cerna dos episodios que posteriormente se atribuíron a Nel e a Gaedhel, pero tamén á figura de Gatelo (Gaedhel) na historiografía escocesa. Ela ademais era o punto de partida da lenda de orixe dos irlandeses na tradición do *Lebor Gabála Érenn*.

As historias acerca do escita Feinius, de Nel, de Gaedhel, de Breogán e dos fillos de Milidh que conquistaron Irlanda, xa estaban mellor desenvolvidas no poema de Mael Muru Othna (morto no ano 887), obra que pretendía ser expresamente unha explicación da orixe dos gaélicos. En *Can a mbunadas na nGaedel* presentábase a Feinius como un sabio individuo procedente da Escitia que fundara unha escola na que se ensinaban os coñecementos que el posuía, incluídas todas as linguas do mundo aparecidas logo do episodio da torre de Babel. O fillo de Feinius foi Nel, quen marchou a Exipto, onde casou con Scota, a filla de Forann (Faraón). O fillo de ambos foi Gaedhel Glas. Pero as xentes de Nel e de

⁶ *Historia Brittonum* (II, 15). Sigo a versión española de G. Torres Asensio (1989), *Historia del Pueblo Bretón*. Barcelona. PPU; pp. 89-90.

Gaedhel víronse na obriga de abandonar Exipto despois de que Forann morrese afogado no Mar Vermello. Durante o seu longo desterro os gaélicos percorreron terras lonxincuas (Escitia, India, Creta, Sicilia, etc.), até o momento no que Bregond (Breogán) conquistou España, fundando alí a cidade e maila torre de Brigantia. Sería lth, o fillo de Breogán, quen albiscase Irlanda dende a torre erixida polo seu pai. A viaxe de lth a Éire e o seu asasinato na illa foron os episodios que deron comezo á conquista do seu territorio polos fillos de Milidh. O poema remataba dando conta das xenealoxías particulares das diferentes agrupacións que habitaban a illa⁷.

Hai que salientar que outras variantes da lenda eran tamén posíbeis nunha etapa na que a tradición do *Lebor Gabála* aínda estaba en formación. Por exemplo nalgunha versión Scota aparecía non como esposa de Nel, senón como a muller de Gaedhel; noutra versión Gaedhel era o pai de Nel, e este o marido de Scota. Tampouco non estaba clara a relación que tiña Feinius con Nel, pois se nalgúns casos os dous personaxes aparecían como pai e fillo, noutros non existía ningún parentesco entre eles. Mesmo en certas versións da lenda aos gaélicos dábaselles unha ascendencia helénica, e non a orixe escítica habitual. Neste punto *Can a mbunadas na nGaedel* combinaba as dúas posibilidades, pois mencionaba que os gaélicos tiñan unha ascendencia grega, pero facía proceder a Feinius, devanceiro epónimo, das terras da Escitia.

Os diversos manuscritos do *Lebor Gabála Érenn* non sempre coincidían nos detalles da historia. A recensión *a* sinalaba a Gomer como o neto de Noé de quen procedían os gaélicos; convertía a Gaedhel no fillo de Nel e de Scota; facía de Gaedhel o inventor do idioma gaélico a partir das linguas xurdidas en Babel; e era Brath, non Breogán, quen conquistaba as terras hispánicas para os gaélicos. A recensión *b* nomeaba a Rifath Scot como o antepasado noádico que estaba na orixe última dos irlandeses, e tamén facía deste personaxe o inventor da lingua gaélica; amosaba a Gaedhel como fillo de Nel e de Scota, pero engadía novos episodios á historia destes, nomeadamente a súa relación amistosa con Moisés e cos hebreos que vivían daquela en Exipto; e sobre todo incorporaba un relato (inexistente en *a*) no cal o escita Milidh viaxaba de novo a Exipto e alí casaba con outra Scota, tamén filla dun faraón. Sen dúbida neste punto a recensión *b* incorporaba no relato unha variante da lenda das orixes na que Milidh ocupaba o lugar que noutras versións estaba reservado a Nel (ou a Gaedhel). Finalmente a recensión *c* contiña unha mestura das dúas recensións anteriores, incluíndo por exemplo a historia sobre Milidh e Scota reproducida en *b*. Pero engadía elementos non presentes nas outras recensións: por exemplo a descendencia dos irlandeses

⁷ O poema está recollido en J. H. Todd (1848), *Leabhar Breathnach annso sis: The Irish Version of the Historia Britonum of Nennius*. Dublin. Irish Archæological Society; pp. 220-271 [reproducido en CELT, *Corpus of Electronic Texts*].

a partir de Magog, ou a atribución a Feinius da creación do idioma gaélico após a división das linguas en Babel⁸.

Cómpre destacar que en todas as versións presentes nas recensións medievais o episodio referido a Breogán era sempre o mesmo: Breogán, logo de que o seu pai Brath vence os inimigos e se apodera de España, fundaba alí a cidade de Brigantia, chamada así por el, e tamén unha torre que levaba o seu nome (*tur Breogain*). Anos máis tarde o seu fillo Ith ollou dende a torre a illa de Irlanda. Ith viaxaba até alí, pero era asasinado por orde dos tres monarcas dos Tuatha De Danann, quen temían que a presenza dese estranxeiro fose o comezo dunha nova invasión. As únicas variantes que se atopaban neste relato tiñan que ver cos nomes dos protagonistas e dos lugares: Breogan, Bregon, Breguin, Breogund; Brigantia, Brigancia, Brigandsia, Briainsia, Briancia; *tur Bregoin*, *tur Breogain*.

Con todo, é necesario sinalar dous aspectos importantes en relación con este episodio. O primeiro deles ten que ver coa súa brevidade, pois Breogán, a cidade e a torre só aparecían nunhas poucas liñas do texto —tanto nos fragmentos en prosa como nos anacos en verso— e nunca se desenvolvían con máis detalles nin outros feitos da vida do personaxe, nin os acontecementos que atinxían a fundación da cidade e a erección da torre. Ademais a posición da historia de Breogán dentro da lenda gaélica das orixes era relativamente secundaria en comparación co tratamento reservado a outros protagonistas e sucesos, xa que Breogán non era un antepasado epónimo como Feinius ou Gaedhel, nin unha figura fundamental na conquista de Éire, como si o eran Ith, Érimón ou Amorgen. A pesar disto o seu episodio non deixaba de ter relevancia, sobre todo se se ten en conta que era dende o cumio da torre mandada construír por el que os gaélicos espreitaban Irlanda, a súa terra prometida, e que iso daba lugar a iniciar o proceso de ocupación da illa.

O segundo aspecto refírese a que a identidade da cidade de Brigantia ficaba sempre na escuridade en todas as versións do *Lebor Gabála Érenn* redixidas durante a Idade Media. Nunca se tentou entón identificala con ningunha cidade hispánica actual ou coñecida. E tampouco non se localizou nunca en ningún lugar concreto da península, nin sequera de xeito aproximativo (norte ou noroeste, sur, territorio costeiro ou interior, etc.). Quizais, implicitamente, quedaba sobreentendida unha posición no norte ou no noroeste da península, dado que se supuña que dende Brigantia se puidera albiscar Irlanda. Mais nunca se situaba Brigantia en Galiza (a cal non se mencionaba no *Lebor Gabála*), nin se relacionaba a torre de Breogán co faro romano da Coruña (a antiga Brigantia). De feito a identificación da cidade de Breogán coa Brigantia galaica, e a da *tur Breogain* co faro brigantino, non se atopan nas fontes irlandesas até que aparezan nos escritos dos anticuarios dos séculos XVII e XVIII.

⁸Os textos das distintas recensións referidos á primitiva historia dos gaélicos están recollidos en R. A. S. Macalister (1996), *Lebor Gabála Érenn. The Book of the Taking of Ireland. Part II*. London. Irish Texts Society; pp. 1-165 [1ª edición, 1939].

Os estudosos actuais coinciden á hora de afirmar que o relato verbo da orixe dos gaélicos era o único resultado do labor erudito dos literatos irlandeses medievais, sen que a lenda contivese ningún elemento «arcaico» que procedese de tradicións pre-cristiás⁹. Como xa se dixo antes, a finalidade dese relato era a de ofrecer aos habitantes da illa unha xenealoxía prestixiosa asemade se insería a primitiva historia irlandesa dentro do esquema da historia universal baseada na narración bíblica. Exceptuando os elementos pre-cristiás, a lenda das orixes estaba fabricada a partir dos outros materiais tamén presentes no resto do *Lebor Gabála*: é dicir, temas de procedencia bíblica; informacións tiradas das fontes clásicas e de autores como Eusebio, Orosio e Isidoro; e os xogos etimolóxicos habituais da erudición medieval.

A pegada bíblica estaba ben clara nas xenealoxías noádicas que se lles atribuían aos gaélicos, vencellándoos quer con Gomer, quer con Magog ou con Rifath. Outro testemuño dela era a intervención dalgúns dos protagonistas da lenda das orixes en certos acontecementos relatados nas Escrituras: por exemplo a presenza de Feinius Farsaid na construción da torre de Babel e na posterior división das linguas; ou a amizade dos gaélicos cos hebreos durante a estada destes dous pobos en Exipto. Ademais tanto o recurso ás continuas sincronizacións entre os protagonistas e os sucesos da historia irlandesa cos personaxes e os feitos da Biblia, como o emprego de modelos bíblicos na narración do pasado gaélico, e nomeadamente o paralelismo implícito establecido entre a historia do pobo hebreo e a dos gaélicos, contribuían a dotar a todo o *Lebor Gabála* en xeral, e a historia dos gaélicos en especial, dunha inconfundíbel influencia bíblica. Isto era de agardar, tendo en conta que os seus artífices foron na maioría dos casos monxes expertos no manexo das Escrituras e da literatura relixiosa (McCONE, 1990: 54-83).

A contribución da práctica da eponimia e doutros procedementos etimolóxicos ao artellamento da lenda foi tamén considerábel. Grazas a eles inventáronse algúns dos protagonistas principais da mesma —como eran Feinius, Gaedhel, Scota ou Milidh— a partir de nomes étnicos indíxenas (*féni*, *gaedil* e *scuitt*) ou dun termo latino como o de *miles* (soldado). Ademais os xogos etimolóxicos axudaron a definir a xenealoxía e maila historia do pobo gaélico. A semellanza aparente entre o nome de escotos con que tamén se coñecían os gaélicos —en irlandés *scuitt* e en latín *scotti*— e a denominación latina de *scythæ* (escitas), debeu ser o argumento que convenceu aos eruditos medievais de que os habitantes de Irlanda tiñan unha ascendencia escítica, tal e como se recollía na *Historia Brittonum* e no *Lebor Gabála Érenn*. Esa recoñecida xenealoxía escítica explicaba que ás veces se procurase en Magog o antecesor noádico dos gaélicos, xa que este personaxe bíblico fora sinalado como o devanceiro dos escitas por importantes autoridades

⁹CAREY (1994: 8-9); MACALISTER (1996); SCOWCROFT (1988: 12-32); VAN HAMEL (1915: 172-181).

como Flavio Xosefo, Xerome e Isidoro. Outro aparente paralelismo lingüístico, esta vez entre o nome dos *gaedil* ou gaélicos co nome latino de *gallii* (galos), daba conta quizais da relación entre os primeiros e Gomer, pois este fora considerado polas mesmas autoridades como o antepasado fundador dos gálatas e dos galos (CAREY, 1990).

Aínda se podería invocar a utilización doutros «xogos de palabras» por parte dos eruditos irlandeses para explicar certos trazos particulares do relato sobre a orixe dos gaélicos. Nomeadamente a coñecida relación entre Irlanda e a Península Ibérica, que estaba na base dos episodios de Breogán e da conquista de Éire polos fillos de Milidh, tamén se apoiaba sobre os alicerces dunha especulación etimolóxica. Tratábase neste caso do paralelismo superficial existente entre as denominacións latinas de Irlanda e de España: é dicir, entre Hibernia e Iberia (ou Hiberia). Esta aparente correspondencia lingüística —combinada con outras informacións das que se falará de seguido— foi un dos motivos que incitou aos historiadores e poetas da Irlanda medieval a imaxinar que noutrora os seus antepasados viviran primeiro en terras hispánicas, na cidade fundada por Breogán, e que posteriormente decidiran ocupar a illa e habitar nela. Pero hai que dicir que os autores irlandeses, á hora de converter esa semellanza entre os nomes de Hibernia e de Iberia nun argumento histórico, tamén se inspiraron nas informacións que obtiveron doutras autoridades. Unha desas autoridades foi Isidoro de Sevilla, a principal obra do cal, *Origines sive Etymologiae*, deixou unha fonda pegada en toda a Europa medieval. Nesta obra achábase precisamente un parágrafo onde se facía derivar de xeito explícito o nome de Hibernia a partir do de Hiberia, argumentando a maneira de explicación o feito de as partes meridionais de Irlanda estaren orientadas contra a España setentrional bañada polo Mar Cantábrico¹⁰.

É certo que Isidoro non deu ningunha noticia sobre a orixe dos irlandeses. E é verdade que el non aproveitou o paralelismo lingüístico establecido entre Hibernia e Hiberia, nin a relación xeográfica que dicía existir entre as dúas terras, para avanzar un argumento histórico acerca das posíbeis relacións entre os habitantes dun e doutro territorio. Mais o parágrafo isidoriano constituiu unha das fontes nas que se basearon os creadores das tradicións históricas do *Lebor Gabála Éirenn* para idear o motivo da estadia dos gaélicos en chan hispánico antes de pasaren a Éire (BAUMGARTEN, 1984: 193-194; SCOWCROFT, 1988: 14). De

¹⁰ «*Scotia idem et Hibernia proxima Britanniae insula, spatio terrarum angustior, sed situ fecundior. Hæc ab Africo in Boream porrigitur. Cuius partes priores Hiberiam et Cantabricum Oceanum intendunt, unde et Hibernia dicta; Scotia autem, quod a Scotorum gentibus colitur, appellata. Illic nulla anguis, avis rara, apis nulla, adeo ut advectos inde pulveres seu lapillos si quis alibi sparserit inter aivaria, examina favos deserant*» (XIV, 6, 6). Recollo o texto da edición de J. Oroz Reta e M. A. Marcos Casquero (1982-1983), *Etimologías. Texto latino, versión española y notas*. Madrid. Editorial Católica.

Sobre a inspiración isidoriana de certas etimoloxías relacionadas cos contidos do *Lebor Gabála Éirenn* véxase BAUMGARTEN (1983 e 1984).

feito a etimoloxía isidoriana foi aceptada polos eruditos irlandeses a carón doutras explicacións para as diversas denominacións da illa. Aparecía, por exemplo, na introdución latina da recensión *m*; e tamén nunha serie de glosas en latín escritas por unha man irlandesa e engadidas no século VIII ou IX a un manuscrito que contiña a *Historia adversum paganos* de Orosio (SZERWINIACK, 1995: 209).

Pero se a teoría que facía derivar de Hiberia a etimoloxía de Hibernia resultaba ser unha invención do propio Isidoro —ou cando menos era nas súas *Etymologiæ* onde aquela aparecía por primeira vez—, o motivo da relación xeográfica entre Éire e a Península Ibérica derivaba dunha fonte anterior que tivo unha grande importancia no artellamento de certos episodios presentes no *Lebor Gabála*, incluído o de Breogán. Esa fonte era a xa mencionada *Historia adversum paganos*, escrita polo galaico Orosio a comezos do século V. Nesta obra atópanse dous fragmentos que foron claves na invención do personaxe e da historia de Breogán. O primeiro deles, que se insería dentro dunha descrición da Península Ibérica como un territorio en forma triangular, traía unha referencia á cidade de Brigantia na Gallæcia, localizada no segundo ángulo do triángulo peninsular, e onde se erixía un altísimo faro que se orientaba cara a Britania. O segundo fragmento describía brevemente Irlanda e nel afirmábase, como máis tarde faría Isidoro, que as súas rexións meridionais ficaban orientadas cara a España; pero tamén engadía que dende un certo lugar elevado da illa, situado no esteiro do río Shannon («*ubi Scenæ fluminis ostium est*»), era visíbel a cidade galaica de Brigantia¹¹.

Resultaba así que nestes fragmentos de Orosio se encontraban dúas das pezas básicas que entrarían a formar parte do episodio sobre Breogán no *Lebor Gabála*: a relación xeográfica entre Irlanda e España; así como a mención da cidade de Brigantia na Gallæcia, e do altísimo faro que nela existía. Tendo en conta isto, e dada a enorme autoridade de Orosio durante toda a Idade Media e a popularidade da súa *Historia adversum paganos* (GUENÉE, 1980: 270-274), todo apunta a que os eruditos irlandeses medievais fabricaron a lenda de Breogán a partir desas dúas referencias xeográficas orosianas. A conexión entre Irlanda e as terras hispánicas, cando menos a un nivel xeográfico elemental, estaba claramente suxerida por Orosio, e tamén por Isidoro, quen ademais engadía a etimoloxía que relacionaba o nome de Hibernia co de Hiberia. O personaxe de Breogán foi creado mediante o habitual proceso de eponimia, inventándose unha figura

¹¹ «*Secundus angulus circium intendit; ubi Brigantia Gallæciæ civitas sita altissimam pharum et inter pauca memorandi operis ad speculam Britanniaë erigit* (1, 2, 71); «*Hibernia insula inter Britanniam et Hispaniam sita longiore ab Africo in boream spatio porrigitur. Huius partes priores intentæ Cantabrico oceano Brigantiam Gallæciæ civitatem ab Africo sibi in circium occurrentem spatioso intervallo procul spectant, ab eo præcipue promunturio, ubi Scenæ fluminis ostium est et Velabri Lucenique consistunt. Hæc propior Brittanniæ, spatio terrarum angustior, sed cæli solique temperie magis utilis, a Scottorum gentibus colitur*» (1, 2, 80). Os dous fragmentos pertencían ao capítulo segundo do libro 1 da *Historia*, no que se daba unha explicación sobre as distintas partes e países que integraban o orbe terrestre. Cito pola edición de C. Torres Rodríguez (1985) contida en *Paulo Orosio. Su vida y sus obras*. A Coruña. Fundación Barrié de la Maza; pp. 106, 108.

fabulosa a partir do nome de Brigantia, a antiga poboación que os historiadores gaélicos coñeceron a través de Orosio —por máis que eles non a situaron expresamente na Gallæcia. Por último a torre de Breogán erguida en Brigantia polo seu lendario fundador epónimo era a versión gaélica do faro citado por Orosio¹².

Polo tanto os materiais que deron forma á historia de Breogán procedían das mesmas fontes que se empregaron na elaboración do resto da lenda de orixe dos gaélicos. Tratábase fundamentalmente de especulacións etimolóxicas de carácter eponímico, as cales deron lugar á invención do propio protagonista (Brigantia/Breogán). E da información histórica e xeográfica que estaba tirada de autores precedentes que, como Orosio e Isidoro, eran autoridades indiscutíbeis en toda a cristiandade occidental. Mais da mesma maneira hai que ter en conta a presenza implícita da influencia das fontes da Antigüidade clásica, xa que as referencias a Irlanda e á cidade de Brigantia que se atopaban en Orosio proviñan dos coñecementos xeográficos propios dos eruditos gregos e romanos (sobre todo de Ptolomeo). Así mesmo tamén se podería descubrir a pegada deixada polo relato bíblico dentro do argumento da historia. Pois como sinalou Macalister na súa edición anotada do *Lebor Gabála Érenn* (1993: xxxi), o episodio que falaba de Ith enxergando Éire dende a torre de Breogán puido ser inspirado pola pasaxe do Pentateuco onde se narra como Moisés ollou a terra prometida dende o cumio do monte Pisgah pouco antes da súa morte (Deuteronomio, XXXIV, 1-4). Tanto no caso do patriarca hebreo como no do fillo de Breogán, os dous protagonistas só ollaron as respectivas terras prometidas, Canaán e Irlanda, mais sen poder chegar a gozar delas, estando destinada a ocupación unicamente aos seus descendentes. Este paralelismo entre o episodio de Ith e o de Moisés estaría plenamente xustificado cando se ten en conta que a lenda de orixe dos gaélicos seguía o modelo imposto pola historia do pobo hebreo no Antigo Testamento.

4. OUTRAS VARIANTES DA LENDA

Alén das variantes da lenda das orixes que podían existir dentro das propias tradicións irlandesas, era igualmente posíbel atopar outras versións diferentes da mesma fóra do ámbito irlandés. No presente apartado darase conta dalgunhas desas variantes, tratando en primeiro lugar a historia de Gatelo, que pertencía á historiografía escocesa, e seguidamente outros relatos que estaban presentes en certas obras históricas redixidas en Gran Bretaña durante a época medieval.

¹²Os autores que estudaron o proceso de configuración do *Lebor Gabála Érenn* coinciden en sinalar que os fragmentos de Orosio citados están na orixe da lenda de Breogán: BAUMGARTEN (1984: 193-194); SCOWCROFT (1988: 14); SZERWINIACK (1995: 208-210); VAN HAMEL (1915: 173). Pero ningún deles fixo unha análise polo miúdo da formación da lenda nin dos elementos que a integraron.

Canto ao personaxe de Gatelo, este aparecía na tradición histórica escocesa da Idade Media como o devanceiro fundador do pobo escocés e da súa monarquía, pero a fasquía do personaxe e a historia que con el se relacionaba amosaban claramente a herdanza gaélica que os vencellaba coa lenda de orixe dos irlandeses. Malia conter algunhas características peculiares, a historia de Gatelo amosaba semellanzas evidentes coa lenda irlandesa que mostraba os gaélicos expulsados de Exipto e viaxando por terras lonxincuas, para acadar logo o territorio hispánico e finalmente se asentaren en Irlanda. Aínda que a lenda escocesa, loxicamente, ampliaba ese periplo até levar os descendentes de Gatelo a ocuparen Escocia dende Irlanda. O mesmo nome do protagonista, Gatelo ou Gaythelos, resultaba ser unha adaptación latina do gaélico Gaedhil, un dos antepasados epónimos dos irlandeses no *Lebor Gabála Érenn*. Pero a figura de Gatelo non se correspondía exactamente co Gaedhel da tradición irlandesa, porque incorporaba tamén certos aspectos que eran propios doutros personaxes, xa fosen Nel, Milidh ou Breogán. Por exemplo era Gatelo quen fundaba a cidade de Brigantia en España. E dicíase ademais, cando menos nunha versión determinada da historia, que Gatelo fixera construír nesa cidade unha torre moi alta e que el propio albiscara dende Brigantia a illa de Irlanda. Claramente todos estes elementos puñan en relación directa a Gatelo co Breogán do *Lebor Gabála*¹³.

Hai que dicir tamén que a Brigantia fundada por Gatelo en España non se identificaba nas primeiras crónicas escocesas con ningunha poboación moderna, nin se localizaba en terras da Galiza. Isto era o que acontecía na *Scalacronica* de Thomas Gray, de finais do século XIII, e na *Chronica Gentis Scotorum* de John de Fordun, aínda que nun fragmento desta última crónica Brigantia se situaba a carón do río Ebro. Non foi até unha época serodia, nos séculos XV e XVI, que a historiografía escocesa comezou a identificar a poboación fundada por Gatelo coa cidade de Compostela, incorporándose así por vez primeira dentro do territorio galego a Brigantia das tradicións gaélicas.

Non hai dúbida de que a historia de Gatelo proviña das lendas gaélicas acerca da orixe dos irlandeses, se ben pertencía a unha tradición que diverxía da versión máis coñecida recollida polo *Lebor Gabála Érenn*. A presenza da historia de Gatelo en Escocia explícase polos asentamentos de xentes procedentes de Irlanda no territorio escocés dende o século V da era cristiá, dos cales resultaron primeiro o reino gaélico de Dal Riada (séculos VI-IX), e despois, dende o século X, a creación do reino de Alba ou Escocia. Porén, dada a ausencia de fontes temperás que permitan traxear a xenealoxía da lenda de Gatelo, non é posíbel saber en que momento se converteu esta no relato fundador do reino escocés, e cando Gatelo

¹³ Ese episodio aparecía na *Chronica Gentis Scotorum*, escrita por John de Fordun entre 1384 e 1387: «Gaythelos namque cum esset incolis ingratus, die quodam sereno cum de Brigancia spectans, eminusque terram contemplatus esset in mari, agiles et bellicosos juvenes armat, et cum tribus naviculis exploratum dirigens, alto se committunt freto» (I, 16). Cito pola edición de W. F. Skene (1871), *Johannis de Fordun Chronica Gentis Scotorum*. Vol. I. Edinburgh; pp. 14-15.

pasou a ser o mítico devanceiro da poboación desas terras. As primeiras mencións coñecidas ao personaxe datan dos séculos XII e XIII. O que si está claro é que dende moi cedo a lenda xogou un importante papel lexitimador da independencia do reino escocés fronte aos anxeios expansionistas da veciña Inglaterra. Non é casualidade, xa que logo, que o proceso de formación da lenda coincidise tanto coa consolidación do reino de Escocia, como cos enfrontamentos deste contra Inglaterra dende finais do século XIII. Neses enfrontamentos, tan importantes eran os combates militares como os combates intelectuais, os cales moitas veces se libraron no campo de batalla da mitoloxía medieval sobre as orixes. Neste contexto os ingleses defenderon a súa pretensión de que Escocia era un reino feudatario de Inglaterra invocando a historia fabulosa dos reis de Britania forxada por Geoffrey de Monmouth no século XII. Pola súa vez os escoceses, grazas á lenda de Gatelo, afirmaron a grande antigüidade do seu reino, que sempre fora independente, e a continuidade da dinastía real escocesa dende os tempos de Gatelo e os seus descendentes. Desta maneira esa lenda de procedencia gaélica converteuse a finais da época medieval no máis firme alicerce pseudo-histórico do reino escocés (DREXLER, 1987; FERGUSON, 1998: 19-55; MATTHEWS, 1971).

Fóra de Escocia as tradicións irlandesas sobre as orixes deixaron a súa pegada nunha serie de obras redixidas en Gran Bretaña durante a Idade Media. Xa se fixo referencia antes á *Historia Brittonum* do século IX, atribuída ao britón Nennius, onde se recollía a primeira versión coñecida (pero aínda incompleta) acerca das distintas ocupacións de Éire. Os relatos contidos na *Historia* —unhas breves referencias a Partholon, a Nemed, á orixe dos gaélicos, e quizais aos Fir Bolg— proviñan das tradicións gaélicas ás que tivera acceso o autor da obra. De feito este remitía aos «*peritissimi Scottorum*» en relación coa cuestión dos primeiros poboamentos de Hibernia. Pola súa vez, a *Historia Brittonum* influíu na historiografía posterior das illas británicas, e incluso na de Irlanda. No século XI foi traducida para o irlandés co nome de *Lebor Bretnach*, e o texto orixinal ampliouse con novos datos procedentes das tradicións gaélicas. Por exemplo o número de invasións da illa foi aumentado até incorporar o resto dos protagonistas do *Lebor Gabála*, engadíndose os Fir Bolg e os Tuatha De Danann. Pero o episodio da fundación de Brigantia e o personaxe de Breogán continuaron a estar ausentes desta versión.

En Inglaterra a influencia do relato de Nennius verbo do poboamento de Irlanda pode ser detectada nun conxunto de obras históricas redixidas ao longo de todo o período medieval, contándose entre elas a *Historia anglorum* de Henry de Huntingdon, escrita en 1129, e o *Ypodigma Neustriæ* de Thomas Walsingham, composto contra o ano 1419. Nestas dúas obras narrábase, seguindo de perto a Nennius, a historia do nobre escita expulsado de Exipto que coa súa xente pasara a habitar na Península Ibérica, dende onde os seus descendentes acadaran finalmente Irlanda mil anos despois. Desta maneira a versión dada pola *Historia Brittonum*, ao se espallar pola historiografía posterior, chegou a se transformar no ámbito británico nunha especie de relato «oficial» sobre a historia antiga de Irlanda e sobre a orixe dos gaélicos. Así a través da mediación de Nennius unha parte das

tradións irlandesas ficaba incorporada dentro do imaxinario histórico da Inglaterra medieval.

Pero a *Historia Brittonum* non foi a única obra que puido dar a coñecer en latín as lendas propias de Irlanda fóra do seu territorio. Unha obra tan coñecida en Inglaterra como foi a *Topographia Hiberniæ* de Giraldus Cambrensis debeu xogar igualmente ese papel de intermediario. Giraldus formara parte dos primeiros continxentes de conquistadores anglo-normandos que dende Inglaterra e Gales invadiron Irlanda a finais do século XII, e a *Topographia Hiberniæ* debeu de ser composta entre 1185 e 1187, logo da estadía do seu autor en terras irlandesas. De feito Giraldus pertencía a unha das familias, os FitzGerald, que dende un principio se implicaran activamente no proceso de conquista. A participación de Giraldus e dos seus familiares na conquista de Irlanda explicaba que a *Topographia*, que consistía nunha descrición da historia natural e das xentes da illa, estivese destinada implícita e explicitamente a fornecer aos invasores de argumentos que lexitimasen a súa ocupación. Basicamente o argumento central desa lexitimación consistía en presentar os irlandeses como un pobo «natural» que aínda vivía nun estado semi-salvaxe: non habitaba en cidades; non practicaba a agricultura, porque vivía só do seu gando; e tiña un coñecemento moi imperfecto da relixión cristiá. Eran pois unhas xentes bárbaras que habitaban nunha terra que era tamén salvaxe e inculta, mais que podía ofrecer moitas riquezas a aqueles que quixesen tirar partido dela —isto é, os invasores anglo—normandos (LEERSEN, 1995; STEWART, 1990).

A descrición de Irlanda feita por Giraldus incluía igualmente, na terceira parte da *Topographia Hiberniæ*, un breve percorrido pola historia dos primeiros poboadores da illa¹⁴. Neste punto era ben visíbel a súa dependencia a respecto das tradicións históricas irlandesas, pois el falaba das sucesivas ocupacións de Éire por parte de Cessair, de Partholon, de Nemed, dos Fir Bolg e dos fillos de Milidh procedentes de España (mais sen nomear a Breogán nin a torre de Brigantia). Polo tanto resulta probábel que durante a estadía en Irlanda Giraldus tivo acceso a algúns escritos onde se recollían esas lendas, quizais algunha versión do *Lebor Gabála Érenn* escrita en latín. Con todo é interesante salientar que a súa actitude verbo das tradicións gaélicas non era tan positiva como a que mostrara a *Historia Brittonum* centurias atrás. Por unha banda el manifestaba abertamente dúbidas acerca da veracidade dalgunhas desas tradicións. Pero ademais Giraldus, inmediatamente despois de dar conta da versión irlandesa do pasado da illa, presentaba o que semellaba ser un relato alternativo á mesma e que acababa por lle restar validez ao discurso histórico dos eruditos gaélicos.

Pois Giraldus narraba unha historia sobre como o monarca britón Gurguntius permitira asentarse no territorio irlandés, daquela despoboado, un continxente de estranxeiros chegados dende España, que Giraldus denominaba *Basclenses*, e

¹⁴J. J. O'Meara (1949), *Giraldus Cambrensis in Topographia Hibernie. Text of the first recension*. Dublin. *Proceedings of the Royal Irish Academy. Section C*, LII, 4; pp. 156-161.

que foran atopados aboiando cos seus barcos nas augas das illas Orkney. Con este relato o autor da *Topographia* non só cuestionaba a veracidade das tradicións gaélicas verbo do poboamento da illa, senón que ademais ofrecía aos invasores anglo-normandos un importante argumento histórico que xustificaba a recente conquista. Porque desta versión do poboamento de Irlanda deducíase que os seus habitantes eran máis recentes cós poboadores da veciña Britania, e tamén que fora un monarca britón quen permitira aos primeiros residentes de Irlanda asentarse nela. E isto implicaba que os reis britóns viñeran sendo os lexítimos donos do territorio hibernico dende tempos inmemoriais, e que polo tanto eran eles os únicos que tiñan o privilexio de dispor desas terras á súa vontade. Xa que logo as pretensións do monarca inglés —o herdeiro do poder e das terras da antiga monarquía britona— sobre Irlanda no século XII víanse xustificadas por esa suposta posesión inmemorial¹⁵.

A pesar de que este relato se axeitaba perfectamente coas intencións de Giraldus á hora de escribir a *Topographia Hiberniæ*, hai que sinalar que o episodio de Gurguntius estaba tirado dunha obra anterior, a famosa *Historia regum Britanniae* de Geoffrey de Monmouth, redixida contra o ano 1136, é dicir, varias décadas antes de que encetase a conquista anglo-normanda de Irlanda¹⁶. Polo tanto a súa intención orixinal non debeu ser a de lexitimar unha conquista, aínda que seguramente si se pretendía salientar con el os dereitos potenciais dos reis de Inglaterra sobre a illa veciña. Geoffrey de Monmouth situou o episodio do poboamento de Irlanda polos *Basclenses* durante o reinado do rei britón Gurgüint Barbtruc, e deu tamén algúns detalles que despois non recolleu Giraldus. Por exemplo o nome do xefe dos *Basclenses*, chamado Partoloim, é dicir, o Partholon do *Lebor Gabála*. Este detalle suxire que Geoffrey se inspirou nalgunhas tradicións gaélicas para incluír esa historia dentro da súa obra. Porque ademais da lenda sobre o poboamento de Partholon, tamén existían en Irlanda outras tradicións que dicían que os primeiros poboadores do territorio foran uns mariñeiros procedentes de España levados accidentalmente até a illa por un trebón.

Sexa cal for o papel que xogaron as lendas gaélicas no artellamento da historia recollida por Geoffrey de Monmouth e por Giraldus Cambrensis, o certo é que os dous escritores do século XII seguiron mantendo con ese relato o vencello entre Irlanda e España que xa era característico na lenda de orixe dos gaélicos. Porén neste caso aos españois poboadores de Irlanda si que se lles daba unha caracterización étnico-xeográfica concreta: a de *Basclenses*, é dicir, vascos. Con isto a súa procedencia quedaba localizada nas partes setentrionais da península, pero non en terras galegas. Abríase así a posibilidade de que autores posteriores

¹⁵ Polo demais o propio Giraldus deixaba claro no texto cal era a auténtica implicación da historia de Gurguntius: «*Ex quo patet, nonnulla iure, licet antiquo, Britanie reges Hiberniam contingere*» (op. cit.: 161).

¹⁶ O episodio aparecía no terceiro libro da *Historia regum Britanniae*. Sigo a edición española de L. A. de Cuenca (1984), *Historia de los Reyes de Britania*. Madrid. Editora Nacional; pp. 84-85.

procurasen atopar un parentesco étnico entre os vascos e os irlandeses —tendencia que continuou vixente até ben entrado o século XIX.

Pola súa vez Giraldus engadía outro elemento —que non estaba presente na *Historia* de Geoffrey de Monmouth— grazas ao cal se reforzaba a relación dos *Basclenses* coa parte nordeste da península. Pois o autor da *Topographia Hiberniæ* aclaraba nunha nota que esa xente proviña da cidade de Baiona, a capital de Vasconia que se situaba dentro dos límites da Gascuña francesa¹⁷. Esta información non era unha simple engádegas erudita, senón que posuía un significado «político» moi concreto dentro da argumentación de Giraldus a prol dos antigos dereitos da realeza inglesa sobre Irlanda: dado que no momento en que el escribía a cidade de Baiona estaba incluída dentro do reino de Inglaterra, esta circunstancia contemporánea podía facerse recuar até o remoto pasado do tempo de Gurguntius para así reforzar a impresión de que os *Basclenses* de Baiona que poboaran Éire eran súbditos dependentes dos monarcas británicos, os verdadeiros señores de Gascuña, de Irlanda e dos habitantes destes dous territorios. Desta maneira as realidades políticas do presente influían na creación de determinados relatos acerca do pasado. Era así que a Baiona de Giraldus viña substituír, nesta nova versión da lenda de orixe dos irlandeses, a Brigantia do *Lebor Gabála Érenn*.

5. FINAL

Despois do visto neste traballo debe quedar claro que a relación entre Irlanda e España estivo presente dende moi cedo na lenda de orixe dos irlandeses, aparecendo no mesmo momento en que se conservan os primeiros relatos xa algo desenvolvidos sobre o tema: é dicir, a *Historia Brittonum* e o poema *Can a mbunadas na nGaedel*, no século IX. A historia de Breogán, que formaba parte das tradicións gaélicas sobre as orixes, reforzaba o vencello entre as dúas terras, situando a cidade de Brigantia e a súa torre en chan hispánico, mais sen darlles unha posición xeográfica concreta. Da mesma maneira outras versións posíbeis da lenda das orixes —quer a historia de Gatelo, quer o episodio de Gurguntius— incidían na mesma procedencia hispánica dos poboadores de Éire.

Pero á outra beira do Atlántico, na Península Ibérica, as devanditas tradicións irlandesas e británicas que falaban das relacións históricas entre España e Irlanda parece que foron totalmente descoñecidas durante a Idade Media. As principais crónicas medievais hispánicas nas que se daba conta da historia primitiva da península —*De rebus Hispaniæ* de Rodrigo de Toledo e a *Estoria de Espanna* dirixida polo rei Afonso X— tiñan como principal protagonista do pasado hispánico o personaxe de Hércules, a quen se lle asignaron os acontecementos máis

¹⁷ «Preterea urbs Baionensis Gasconie terminus est, et in ea continetur. Eadem quoque Basclonie caput est, unde Hibernienses provenerant. Hodie vero Gasconia et Aquitannia tota eodem quo et Britannia regimine gaudet» (O'Meara: 161).

importantes deses tempos recuados: a eliminación de tiranos e de monstros, a fundación de cidades e a construción de edificios sobranceiros. En relación co pasado de Galiza os eruditos medievais peninsulares imaxinaron que o lendario heroe grego fora o responsábel da fundación da cidade da Coruña e da erección dunha torre no mesmo lugar —é dicir, a torre de Brigantia citada por Orosio, que se convertera na *tur Breogain* da tradición gaélica. Tamén se lle atribuíu a Hércules o poboamento do territorio galego cunhas xentes de procedencia oriental, os Gálatas, que o acompañaran na súa viaxe até España.

Ademais nas crónicas hispánicas non se mencionaban nunca Breogán nin Milidh, nin outros personaxes do *Lebor Gabála Érenn*. E tampouco non se facía referencia á conquista de Irlanda por parte dos habitantes de Brigantia. Neste sentido poderíase dicir que a lenda de orixe dos irlandeses transmitida polo *Lebor Gabála* non deixou ningunha pegada na historiografía hispánica medieval.

Con todo esta opinión negativa debe ser en parte matizada tendo en conta o testemuño dunha obra medieval na que si estaba presente o episodio do poboamento de Irlanda por xentes saídas de España, aínda que nunha versión diferente da que se atopaba nas tradicións irlandesas. Esa obra era a *Grant Cronica de Espanya*, escrita polo aragonés Juan Fernández de Heredia na segunda metade do século XIV. A *Grant Cronica* contaba que entre os primitivos habitantes da península houbo un grupo de xentes denominadas *appellinos*, orixinarias da Escitia, que habitaron en Exipto, pero que foron expulsados dese país após a morte do rei Faraón no mar Vermello. Viaxaron despois por mar até a Península Ibérica, que estaba en parte desocupada. Alí residiron durante un tempo, espallándose polo seu territorio e asentándose a carón do río Ebro, razón pola que trocaron o seu nome polo de *yberos*. Estes *appellinos* ou *yberos* finalmente decidiron abandonar España cando Hércules entrou nela. Marcharon entón a vivir a Irlanda, á cal, a causa do seu nome, denominaron Ybernia. E pasaron tamén a Inglaterra (Albión) e Escocia (Alba)¹⁸.

A fonte última deste relato de Juan Fernández de Heredia era a *Historia Brittonum* de Nennius, na cal se falaba do nobre escita expulsado de Exipto e trasladado a España, dende onde os seus descendentes acadaron Irlanda despois de mil anos. Mais a fonte inmediata da historia era unha obra francesa do século XIII, a *Histoire Ancienne jusqu' à César*, que pretendía ser unha crónica universal contada dende a Creación. Desta *Histoire Ancienne* Fernández de Heredia tiraba moitas informacións sobre a historia antiga, incluído o episodio do poboamento de Irlanda dende España. Pero o que se contaba na *Grant Cronica* se desviaba en aspectos importantes da versión orixinal de Nennius. Por exemplo na *Cronica* non se mencionaba o nobre escita, nin aparecían os «*tres filii militis Hispaniæ*», nin os outros poboadores de Irlanda que citaba Nennius. Tampouco

¹⁸ Edición de R. af Geijerstam (1964), *Juan Fernández de Heredia. La Grant Cronica de Espanya. Libros I-II*. Uppsala. *Acta Universitatis Upsaliensis. Studia Romanica Upsaliensia* 2. O fragmento coa historia dos *appellinos* atópase en I : 3-5 (pp. 146-148).

non había acordo nos períodos de tempo que a *Historia Brittonum* e a *Grant Cronica* asignaban respectivamente á viaxe dende Exipto até España ou á estada dos estranxeiros nesta última. Ademais a historia do aragonés engadía novos motivos ao relato: o protagonismo dos *appellinos*, descoñecidos para Nennius; a vida pastoral destes (como os hebreos da Biblia e os escitas das fontes clásicas); o seu estraño nome (derivado de Apolo?); e a intervención de Hércules, quen perseguía os *appellinos* por terras ibéricas para se apoderar do seu gando¹⁹.

A pesar das características peculiares da historia dos *appellinos*, esta non deixaba de conter na súa cerna varias tradicións auténticamente irlandesas acerca da orixe dos gaélicos: unha xenealoxía escítica, a marcha de Exipto, a chegada a España, e o poboamento de Irlanda dende a Península Ibérica. Este feito confirma a importancia que tivo a *Historia Brittonum* no espallamento desas tradicións irlandesas fóra dun contexto cultural gaélico, quer se tratase dun influxo directo, quer se debese a unha pegada indirecta, transmitida a través de escritos intermediarios (como no caso da *Grant Cronica*).

A pegada de Nennius na crónica aragonesa do século XIV foi o único testemuño que deixou a lenda gaélica das orixes na historiografía hispánica da época medieval. Esta, no resto dos casos, non se fixo eco das diversas historias que os eruditos irlandeses e británicos contaron verbo dos vencellos entre Éire e España. Houbo que agardar até os séculos XVI e XVII para que esa relación a tivesen en conta os anticuarios peninsulares, e tamén para que Galiza xogase un papel dentro da mesma. Pero raramente a relación foi concibida nos mesmos termos e cos mesmos personaxes imaxinados na Irlanda medieval (PEREIRA GONZÁLEZ, 2005).

¹⁹ Hai que dicir que nas versións coñecidas da *Histoire Ancienne* o relato baseado en Nennius tampouco non presentaba os mesmos trazos que a historia dos *appellinos* tiña na *Grant Cronica*. A moderna editora da crónica deducía disto que o que se narraba nela acerca dos *appellinos* era unha invención do propio Juan Fernández de Heredia; ou ben que as novidades proviñan dunha fonte intermedia e aínda descoñecida -opción esta pola que a editora semellaba optar (*op. cit.*: 35-38).

BIBLIOGRAFÍA

- BAUMGARTEN, R. (1983): «A Hiberno-Isidorian etymology», *Peritia* 2; pp. 225-228.
- (1984): «The geographical orientation of Ireland in Isidore and Orosius», *Peritia* 3; pp. 189-203.
- CAREY, J. (1990): «The ancestry of Fenius Farsaid», *Celtica* 21; pp. 104-112.
- (1993): *A New Introduction to Lebor Gabála Érenn*. London. Irish Texts Society.
- (1994): *The Irish National Origin-Legend: Synthetic Pseudohistory*. Cambridge. University of Cambridge.
- (1995): «Native Elements in Irish Pseudohistory» en EDEL, D. (ed.), *Cultural Identity and Cultural Integration. Ireland and Europe in the Early Middle Ages*. Dublin. Four Courts Press; pp. 45-60.
- CARNEY, J. (1971): «Three Old Irish accentual poems», *Ériu* 22; pp. 23-80.
- DREXLER, M. (1987): «Fluid Prejudice: Scottish Origin Myths in the Later Middle Ages» en ROSENTHAL, J. e C. RICHMOND (eds.), *People, Politics and Community in the Later Middle Ages*. Gloucester; pp. 60-76.
- FERGUSON, W. (1998): *The Identity of the Scottish Nation. An Historic Quest*. Edinburgh. Edinburgh University Press.
- FERREIRO, M. (1996): *De Breogán aos Pinos. O texto do Himno Galego*. Santiago de Compostela. Laiovento.
- GUENÉE, B. (1980): *Histoire et culture historique dans l'Occident médiéval*. Paris. Aubier-Montaigne.
- KELLEHER, J. V. (1963): «Early Irish History and Pseudo-History», *Studia Hibernica* 3; pp. 113-127.
- LEERSEN, J. (1995): «Wildness, Wilderness, and Ireland: Medieval and Early-Modern Patterns in the Demarcation of Civility», *Journal of the History of Ideas* 56; pp. 25-39.
- MACALISTER, R.A.S. (1993): «Introduction» en *Lebor Gabála Érenn. The Book of the Taking of Ireland. Part I*. London. Irish Texts Society; pp. ix-xxxiv [1ª edición, 1938].
- (1996): «Introduction» en *Lebor Gabála Érenn. The Book of the Taking of Ireland. Part II*. London. Irish Texts Society; pp. 1-7 [1ª edición, 1939].
- MATTHEWS, W. (1971): «The Egyptians in Scotland: The Political History of a Myth», *Viator* 1; pp. 289-306.
- MCCONE, K. (1990): *Pagan Past and Christian Present in Early Irish Literature*. Maynooth. National University of Ireland.
- Ó CORRÁIN, D. (1978): «Nationality and Kingship in pre-Norman Ireland» en MOODY, T. W. (ed.), *Nationality and the pursuit of national independence*. Belfast. Appletree Press; pp. 1-35.
- (1985): «Irish Origin Legends and Genealogy: Recurrent Aetiologies» en NYBERG, T. et al. (eds.), *History and Heroic Tale. A Symposium*. Odense. Odense University Press; pp. 51-96.
- (1998): «Creating the Past: The Early Irish Genealogical Tradition», *Peritia* 12; pp. 177-208.
- PEREIRA GONZÁLEZ, F. (2002): «O príncipe Gatelo, fundador de Brigancia: un 'precursor' de Breogán na historiografía galega», *Gallæcia* 21; pp. 317-343.

Pereira González, F.

- (2005): «As relacións Galiza-Irlanda na historiografía (séculos XVI-XVIII)», *Gallæcia* 24; pp. 281-307.
- REYNOLDS, S. (1983): «Medieval *Origines Gentium* and the Community of the Realm», *History* 68, 224; pp. 375-390.
- SCOWCROFT, R. M. (1987): «*Leabhar Gabhála* - Part I: The growth of the text», *Ériu* 38 ; pp. 81-142.
- (1988): «*Leabhar Gabhála* - Part II: The growth of the tradition», *Ériu* 39; pp. 1-66.
- STEWART, J. (1990): «Topographia Hiberniæ», *Celtica* 21; pp. 642-657.
- SZERWINIACK, O. (1995): «D'Orose au *Lebor Gabála Éirenn*: les gloses du manuscrit Reg. Lat. 1650», *Études Celtiques* 31; pp. 205-217.
- VAN HAMEL, A.G. (1915): «On Lebor Gabála», *Zeitschrift für Celtische Philologie* 10; pp. 97-197.